ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027897	Paseo das Pontes	Coruña (A)	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CSHOT05	Dirección de servizos de restauración	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0504	Recursos humanos e dirección de equipos en restauración	2024/2025	3	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DOLORES VERDES SUÁREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo de Recursos humanos e dirección de equipos en restauración impártese nos ciclos de grao superior de dirección de servizos e de restauración e dirección de cociña da familia profesional de hostalaría e turismo. Real Decreto 688/2010, do 20 de mayo, polo que se establece o título de Técnico Superior en Dirección de Servicios de Restauración

Tanto o concello da Coruña, como a súa área metropolitana ou zonas próximas, o sector servizos, e en concreto o sector da restauración, supoñen unha actividade de forte rendibilidade económica e de creación do emprego.
Estas empresas de hostalería demandan profesionais cualificados, con interese pola formación continua, motivados e capaces de contribuír ao traballo en equipo.
A competencia xeral deste título consiste en dirixir e organizar a produción e o servizo de alimentos e bebidas en restauración, determinando ofertas e recursos, controlando as actividades propias do aprovisionamento, cumprindo os obxectivos económicos, seguindo os protocolos de calidade establecidos e actuando segundo normas de hixiene, e prevención de riscos laborais e protección ambiental.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais:
k) Identificar factores de risco e parámetros de calidade asociados á produción e ao servizo, así como analizar as súas características e os protocolos de actuación, para cumprir as normas de seguridade laboral e ambiental, e de hixiene e calidade durante todo o proceso produtivo.
l) Aplicar estratexias de dirección e desenvolvemento do persoal, e identificar as actitudes, aptitudes e necesidades do equipo de traballo para motivar o persoal que se teña a cargo.
m) Recoñecer e identificar posibilidades de mellora profesional, logo de reunir información e de adquirir coñecementos para manter o espírito de innovación e actualización
no ámbito do traballo propio.
n) Recoñecer posibilidades de negocio, analizando o mercado e estudando a súa viabilidade, para desenvolver a cultura emprendedora e xerar o propio emprego.
ñ) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, así como á finalidade e ás características dos receptores, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.
o) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, así como propor e aplicar medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos do traballo, para garantir ámbitos seguros.
p) Identificar e propor as accións profesionais necesarias para dar resposta á accesibilidade universal e ao deseño para todos.
s) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.
Así mesmo, no artigo 5, sinálanse entre outras competencias profesionais, persoais e sociais, as seguintes, vinculadas estreitamente co módulo de recursos humanos e dirección de equipos en restauración que se desenvolve nesta programación:
b) Deseñar os procesos de produción e servizo, e determinar a súa estrutura organizativa e os recursos necesarios, tendo en conta os obxectivos da empresa.
j) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
k) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
l) Organizar e coordinar equipos de traballo, e supervisar o seu desenvolvemento,
con responsabilidade, mantendo relacións fluídas, asumindo o liderado e achegando solucións aos conflitos grupais que se presenten.

m) Comunicarse cos seus iguais, cos superiores, coa clientela e coas persoas baixo a súa responsabilidade utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
n) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do traballo propio e do do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e cos obxectivos da empresa.
o) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na actividade profesional con sentido de responsabilidade social.

As persoas con este perfil profesional exercen a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, nomeadamente do sector da hostalaría e, en concreto, do subsector de restauración. Poden actuar en pequenos establecementos, en moitas ocasións como propietario ou propietaria e responsable de cociña simultaneamente.
Malia desenvolver habitualmente a súa actividade profesional en establecementos de carácter privado, tamén pode desenvolvela en establecementos públicos, fundamentalmente nos sectores educativo, sanitario e de servizos sociais.
Cando non actúan por conta propia, realizan as súas funcións baixo a dependencia da dirección do establecemento, sexa este un hotel ou sexa outro tipo de aloxamento ou establecemento de restauración.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:
.Director/ora de alimentos e bebidas.
- Supervisor/ora de restauración moderna.
- "Maître".
- Xefe/a de sala.
- Encargado/a de bar-cafetaría.
- Xefe/a de banquetes.
- Xefe/a de operacións de cátering.
- Sommelier.
- Responsable de compra de bebidas.
- Encargado/a de economato e adega.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de dirección do persoal, basicamente desde unha perspectiva de xefe de equipo ou de dirección.
A función de recursos abrangue aspectos como:
Caracterización dos postos de traballo.
Colaboración na selección de persoal.
Planificación dos recursos humanos.
Integración do persoal da empresa en función dos modelos actuais de organización de recursos humanos.
Dirección do persoal.

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

Métodos e sistemas de planificación e organización.

Selección de persoal.

Descrición detallada do posto de traballo.

Formación continua no posto.

Motivación dos traballadores.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe				
					MP0504_00				
					RA 1	RA 2	RA 3	RA 4	RA 5
1	O posto de traballo	Características dos postos de traballo, funcións e responsabilidades. Principios deontolóxicos nas áreas de restauración.	12	25	X	X			
2	A planificación dos Recursos Humanos en Restauración	Novas tendencias na xestión dos equipos. Planificación de cadros de persoal e métodos de medición de tempos de traballo.	10	25	X	X			
3	Colaboración na selección de persoal	Plan secuenciado de selección de persoal, sistemas de recrutamento e deseño dos aspectos técnicos da entrevista e dos tests.	13	25			X		
4	Integración do persoal nas empresas de restauración	A formación no posto de traballo: finalidade e tipos. Técnicas de motivación e deseño dun plan de acollemento.	10	15				X	
5	Dirección e técnicas de negociación en restauración	O plan de dirección, estratexias de liderado e técnicas de dinamización de equipos e reunións de traballo.	8	10					X
		Total:	53						

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O posto de traballo	12

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os postos de traballo e as súas funcións na área de restauración, e establece as características dos perfís profesionais.	NO
RA2 - Planifica os recursos humanos, aplicando os sistemas de organización do persoal dependente.	NO

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar o departamento de RRHH 1.2 Definir as características, tarefas e responsabilidades de cada posto de traballo do sector da restauración. 1.3 Caracterizar as funcións que debe desempeñar o persoal dependente.	1	Análises e descrición de postos de traballo na restauración	10,0
2.1 identificar as reglas éticas que guían a actividade profesional	2	Principios deontolóxicos nas empresas de restauración	2,0
		TOTAL	**12**

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.2 Definíronse as características de cada posto de traballo correspondentes a persoal semicualificado e cualificado.	• PE.1 - Contidos teóricos da unidade	S	25
CA1.3 Caracterizáronse as funcións que debe desempeñar o persoal dependente.	• PE.2 - Contidos teóricos da unidade	S	25

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.4 Definíronse os límites de responsabilidade, as funcións e as tarefas de cada posto de traballo.	• PE.3 - Contidos teóricos da unidade	S	20
CA1.5 Valoráronse os principios deontolóxicos característicos no marco das empresas ou as áreas de restauración.	• OU.1 - traballo	N	10
CA2.1 Relacionáronse as novas tendencias empresariais en restauración cos equipos humanos.	• PE.4 - contidos teóricos de unidade	S	20
		TOTAL	**100**

4.1.e) Contidos

Contidos
Métodos de definición de postos de traballo nas empresas de restauración.
Definición das funcións que cumpra desempeñar.
Establecemento de áreas de responsabilidade, funcións e tarefas do persoal dependente.
Principios deontolóxicos en empresas de restauración.
Novas tendencias na formación de equipos humanos en empresas hostaleiras.

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Análises e descrición de postos de traballo na restauración - Introduciranse os RRHH en restauración. Definiranse as características de cada posto de traballo e os seus límites e funcións, e definiranse as tarefas e responsabilidades de cad posto	• Presentación audiovisual das distintas etapas na evolución dos RRHH. Propón a realización dun cuestionario sobre as etapas na evolución dos RRHH . • Explica as etapas da planificación de cadros e a previsión das necesidades	• Contesta ao cuestionario relacionado coas distintas etapas na evolución dos RRHH. • Realiza o suposto práctico de planificación de cadros e previsión das necesidades de persoal	• Inventario de postos de traballo nas empresas de hostalaría. • Cuestionarios resoltos. • Documento sobre as técnicas empregadas na recollida de información no	• Apuntamentos da profesora. • Libros específicos de editorial Paraninfo y editorial Altamar. • Aleh V (normativa).	• PE.1 - Contidos teóricos da unidade • PE.2 - Contidos teóricos da unidade • PE.3 - Contidos teóricos da unidade	10,0

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	de persoal. Propón a realización dun suposto práctico de cadros de persoal e de previsión. • Explica os grupos e categorías profesionais segundo o Acordo laboral de ámbito estatal para o sector da hostalaría. Propón a realización dun cuestionario. • Explicación a través de organigramas dos distintos postos de traballo do sector de hostelería. Propón a elaboración dun inventario cos postos de traballo nas empresas de hostalaría. • Explicación das fases e a importancia do deseño de postos. Explicación dos métodos de deseño e as diferenzas entre o profesiograma e o perfíl profesiográfico. Facilita modelos de deseño de postos de traballo e propón a realización dun profesiograma e un profesiográfico do posto de camareiro/a. • Explica as técnicas de recollida de información no análise de postos: entrevista, cuestionario, observación directa, grupo de expertos e diario/bitácora. Propón a busca na rede doutras técnicas de recollida de información.	• Resolve un cuestionario sobre as actividades, traballos e tarefas profesionais da área de servizos, definindo e caracterizando cada posto de traballo. • Elabora un inventario citando os postos de traballo que exiten actualmente nas empresas de hostalaría. • Elaboración dun profesiograma e perfil profesiográfico do posto de cociñeiro/a nun establecemento de restauración. • Pescuda na rede outras técnicas empregadas na xestión de recursos humanos para obter información sobre un posto de traballo.	análise de postos nun establecemento de hostalaría. • Documento e presentación do profesiograma e perfil profesiográfico do posto de cociñeiro nun establecemento de restauración.	• Aula virtual • Dossier dos distintos postos coas súas tarefas e responsabilidades. • Vídeo sobre as evolución do pensamento nos recursos humanos. • Vídeo: "Tempos modernos de Charles Chaplin".		
Principios deontolóxicos nas empresas de restauración - Analizaransen os principios deontolóxicos das empresas de restauración.	• Presentación audiovisual sobre o concepto de deontoloxía , e explicación dos principios deontolóxicos no marco das empresas de	• Análise dun código deontolóxico dunha empresa de restauración.	• Análise sobre un artigo dunha cadena hoteleira relacionado co seu código deontolóxico.	• Aula virtual • Libros específicos de editorial Paraninfo y editorial Altamar.	• OU.1 - traballo	2,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	restauración. Popón a lectura e análise dun artigo relacionado co código deontolóxico dunha empresa hoteleira	• Debate no grupo sobre aspectos deontolóxicos na restaurción	• Informe e presentación dos principios deontolóxicos dunha empresa de restauración.	• Equipos infomáticos con acceso a internet. • Código deontolóxico dunha empresa hoteleira.		
					TOTAL	12,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A planificación dos Recursos Humanos en Restauración	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina os postos de traballo e as súas funcións na área de restauración, e establece as características dos perfís profesionais.	NO
RA2 - Planifica os recursos humanos, aplicando os sistemas de organización do persoal dependente.	NO

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as técnicas de comunicación e motivación de persoal. 1.2 Relacionar as novas tendencias empresariais en restauración cos equipos humanos.	1	Novas tendencias na formación de equipos humanos	4,0
2.3 Avaliar os tempos de traballo das actividades profesionais máis significativas en restauración. 2.4 Traballar con software de xestión de cadros de persoal. 2.5 Valorar a normativa en materia laboral.	2	Planificación de plantilla	6,0

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
2.1 Establecer os sistemas de planificación de cadros de persoal e as técnicas do métodos de medición de tempos. 2.2 Definir as quendas necesarias, as xornadas, o calendario anual e o descanso para o correcto funcionamento do establecemento ou da área de restauración.			
		TOTAL	**10**

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identificáronse as etapas da planificación de cadros e previsión das necesidades de persoal.	• PE.1 - BC1 Curriculum	S	15
CA2.2 Establecéronse os sistemas de planificación de cadros de persoal e avaliáronse as variables necesarias.	• PE.2 - BC2 Curriculum	S	15
CA2.3 Definíronse as quendas necesarias, as xornadas, o calendario anual e o descanso para o correcto funcionamento do establecemento ou da área de restauración.	• PE.3 - BC2 Curriculum	S	20
CA2.4 Avaliáronse os tempos de traballo das actividades profesionais máis significativas en restauración.	• PE.4 - BC2 Curriculum	S	15
CA2.5 Traballouse con software de xestión de cadros de persoal.	• OU.1 - BC2 Curriculum	N	5
CA2.6 Establecéronse as técnicas dos métodos de medición de tempos.	• PE.5 - BC2 Curriculum	S	15
CA2.7 Identificáronse as técnicas de comunicación e motivación de persoal.	• OU.2 - BC2 Curriculum	N	10
CA2.8 Valorouse a normativa en materia laboral.	• OU.3 - BC2 Curriculum	N	5
		TOTAL	**100**

4.2.e) Contidos

Contidos
Planificación de cadros de persoal nas empresas de restauración. Ferramentas de planificación e previsión de cadros de persoal.

Contidos
0Fomento da participación na achega de ideas, opinións e suxestións do persoal dependente.
Normativa laboral.
Aplicacións informáticas para a definición de cadros de persoal e o establecemento de quendas.
Modelo de cadro de persoal.
Exemplos de planificación de cadros de persoal.
Integración dos obxectivos, as políticas e as directrices empresariais nas necesidades do grupo.
Elaboración de cuadrantes de horarios e días libres.
Planificación de calendarios de vacacións.
Métodos de medición e avaliación de tempos de traballo.
Técnicas de comunicación e motivación adaptadas á integración do persoal.
Valoración das opinións dos membros do equipo de traballo.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Novas tendencias na formación de equipos humanos - Novas tendencias na formación de quipos, técnicas de comunicación e motivación.	• Explica as novas tendencias na formación de equipos en hostalaría e propón a lectura e análise sobre un artigo dunha revista profesional. • Explica as técnicas de comunicación e o fomento da participación na achega de ideas, así coma a valoración das opinións dos membros dos equipos. Propón a lectura e posterior debate dun artigo dunha	• Lectura do artigo e busca na rede da plataforma: Great Place to work e as aplicacións móbiles: Happyformce, Guudjob ou Karisma e realiza unha análise sobre elas. • Lectura e debate do artigo.	• Análise sobre a plataforma Great place to work e as aplicacións móbiles: Happyformce, Guudjob ou Karisma • Debate sobre a importancia das opinións dos membros dos equipos.	• Libros específicos • Aula virtual • Medios audiovisuais. • Revistas especializadas	• OU.2 - BC2 Curriculum	4,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	cadena hoteleira.					
Planificación de plantilla - Estableceranse os cadros de persoal, as quendas e a normativa laboral.	• Explica a planificación do persoal de restauración e o desenvolvemento de perfís por competencias. Facilita modelos de pefís por competencias e propón a tarefea de desenvolver o perfil por competencias do xefe/a de cociña e do cociñeiro/a. • Explica a xestión de plantillas e as quendas. Elabora exercicios prácticos sobre a planificación de plantilla e propón supostos o alumnado. • Presentación da película de Recursos Humanos " O Método" e entrega da ficha de actividade sobre a mesma. • Presentación audiovisual sobre a normativa laboral (convenio colectivo e o ALEH V) que regula ao sector. Propón a resolución dun cuestionario sobre a normativa. • Resolve o cuestionario sobre a normativa laboral.	• Realiza o perfil por competencias do xefe/a cociña e do cociñeiro/a. • Resolución dos supostos sobre a xestión de quendas e horarios dun establecemento de restauración. • Ficha cuberta do visionado da película "O Método".	• Supostos resoltos sobre a xestión de quendas e horarios dun establecemento de restauración. . • Cuestionario resolto sobre normativa laboral. • Documento co perfil por competencias do xefe/a cociña e do cociñeiro/a. • Ficha cuberta da película "O método" • Ficha cuberta de cadros de persoal e normativa laboral.	• Aula virtual • Libro de texto:" Recursos humanos e dirección de equipos en restauración". Editorial Paraninfo e Editorial Altamar • Modelos de perfís por competencias. • Película O Método • Publicaciones específicas del sector	• OU.1 - BC2 Curriculum • OU.3 - BC2 Curriculum • PE.2 - BC2 Curriculum • PE.3 - BC2 Curriculum • PE.4 - BC2 Curriculum • PE.5 - BC2 Curriculum	6,0
					TOTAL	**10,0**

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Colaboración na selección de persoal	13

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Colabora na selección de persoal, tendo en conta as previsións e as necesidades da empresa.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar o proceso de selección de persoal e as súas fases. 1.2 Recoñecer as técnicas e outros xeitos de selección. 1.3 Analizar os principais métodos para a selección de persoal semicualificado e cualificado. 1.4 Elixir sistemas de recrutamento de persoal.	1	Técnicas de selección e recrutamento de persoal	6,0
2.1 Preparar un plan secuenciado de selección de persoal. 2.2 Deseñar os aspectos técnicos da entrevista e dos tests. 2.3 Valorar as persoas candidatas segundo o posto que se desexe cubrir e o coste do proceso de selección.	2	Plan secuenciado de selección de persoal	7,0
		TOTAL	**13**

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Identificouse o proceso de selección de persoal e as súas fases.	• PE.1 - BC3 Curriculum	S	15
CA3.2 Preparouse un plan secuenciado de selección de persoal.	• PE.2 - BC3 Curriculum	S	15
CA3.3 Recoñecéronse as técnicas de selección.	• PE.3 - BC3 Curriculum	S	15
CA3.4 Analizáronse os principais métodos para a selección de persoal semicualificado e cualificado.	• PE.4 - BC3 Curriculum	S	15

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA3.5 Elixíronse sistemas de recrutamento de persoal.	• PE.5 - BC3Curriculum	S	10
CA3.6 Deseñáronse os aspectos técnicos da entrevista e dos tests.	• OU.1 - traballo	S	10
CA3.7 Recoñecéronse outros xeitos de selección.	• OU.2 - traballo	S	10
CA3.8 Valoráronse as persoas candidatas segundo o posto que se desexe cubrir.	• OU.3 - traballo	N	5
CA3.9 Valorouse o custo do proceso de selección.	• OU.4 - traballo	N	5
		TOTAL	**100**

4.3.e) Contidos

Contidos
Fases da selección de persoal.
Técnicas e métodos de selección: entrevista, test, etc.
Recrutamento: concepto e características. Sistemas de recrutamento interno e externo. Fontes para recrutar.
Preselección.
Custos do proceso de selección.

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Técnicas de selección e recrutamento de persoal - Análise das distintas fases no recletamento e selección do persoal	• Presentación audiovisual dos distintos métodos de recrutamento de persoal (recrutamento interno,	• Realiza unha táboa coas vantaxes e os inconvenientes dos diferentes tipos de	• Táboa coas vantaxes e os inconvenientes dos diferentes tipos de recrutamento de persoal.	• Aula virtual	• OU.2 - traballo	6,0

ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade **(título e descrición)**	**Profesorado (en termos de tarefas)**	**Alumnado (tarefas)**	**Resultados ou produtos**	**Recursos**	**Instrumentos e procedementos de avaliación**	
	externo e mixto). Propón a realización dunha táboa coas vantaxes e os inconvenientes dos diferentes tipos de recrutamento de persoal. • Propón a pescuda en internet de anuncios de emprego, analizando o perfil solicitante para os postos de hostalería. • Explica o proceso de selección: preselección e selección e as técnicas de selección de persoal (test psicolóxicos, exames profesionais, grafoloxía, analiza co apoio de medios audiovisuais a importancia do cv como elemento de preselección. Propón a realización dun test psicotécnico con probas lóxicas, de habilidades, memoria...	recrutamento de persoal. • Realización dun informe sobre o perfil solicitante nun posto de hostalaría. • Realiza un test psicotécnico con probas lóxicas, de habilidades, memoria...	• Informe sobre o perfil solicitante nos postos de hostalería. • Test psicotécnico resolto.	• Revistas de RRHH • Libros específicos "Editorial Altamar" • Vídeos de reclutamiento e selección • Páxina web: https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae	• OU.4 - traballo • PE.1 - BC3 Curriculum • PE.3 - BC3 Curriculum • PE.4 - BC3 Curriculum • PE.5 - BC3Curriculum	
Plan secuenciado de selección de persoal - Técnicas e tipos de selección de persoal e coste de selección.	• Presenta a actividade práctica relacionada co proceso de selección. Facilita modelos de entrevistas de selección. • Explica os custos do proceso de selección e propón a contabilización dos custos orixinados no proceso de selección realizado anteriormente. • Facilita modelos cos distintos items de valoración de candidatos/as e propón a realización dunha táboa adaptada ao proceso de selección realizado anteriormente	• Realiza o proceso secuenciado do proceso e unha entrevista de selección para un candidato a un determinado posto. • Realiza unha táboa coa valoración dos custos orixinados no proceso de selección. • Táboa de valoración dos candidatos/as no proceso de selección realizado nesta actividade. • Analise dos puntos fortes e débiles das respostas	• Modelo secuenciado do proceso de selección para un determinado posto de traballo. • Entrevista de selección para o posto de traballo. • Táboa coa valoración dos custos orixinados no proceso de selección. • Modelo de valoración dos candidatos/as no proceso de selección.	• Aula virtual • Libro de texto de editorial Altamar • Modelos de entrevista de selección. • Videos de selección de persoal • Modelos de valoracion de candidatos/as. • Páxina web: https://europass.cedefop.europa.eu/es/documents/curriculum-vitae	• OU.1 - traballo • OU.3 - traballo • PE.2 - BC3 Curriculum	7,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
	• Video cunha entrevista de traballo					
					TOTAL	13,0

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Integración do persoal nas empresas de restauración	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
